



PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE OURENSE

Período 2018-2019



PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

Consideracións Previas.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS) , introduce, como elemento de xestión e para a mellora da eficacia e eficiencia nas actuacións das administracións públicas, a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico de subvencións.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos e Organismos Públicos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións no que se establecerán os obxectivos das mesmas , prazos para conseguilos e costes previsibles, sempre adaptándose ao cumprimento dos principios da estabilidade orzamentaria.

Unha maior información sobre as subvencións facilitará a transparencia e xestión das mesmas, evitando interferencias con outras axudas publicas destinadas ao mesmo fin e solapamento de funcións.

Este precepto foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LXS, aprobado polo RD 887/2006, do 21 de Xullo, establecendo cales son os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos de subvencións, así como a competencia para a súa aprobación e o seguimento que debe realizarse destes.

A Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, recolle no seu artigo 5.1 "Os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria."

A aprobación do Plan Extratéxico de subvencións e unha ferramenta de xestión e a súa aprobación non xenera obrigas nin dereitos para o Concello Municipal de Deportes (en adiante CMD).

O Plan queda condicionado a aprobación das correspondentes bases e convocatorias de subvencións, e por suposto a dispoñibilidade orzamentaria de cada exercicio.

O CMD, Organismo Autónomo creado polo Concello de Ourense, ao amparo do artigo 85.2b da lei 7/1985 de 2 de Abril, é unha entidade con personalidade xurídica propia, con plena capacidade xurídica e de obrar dentro dos seus fins e patrimonio especial, contemplando nos seus Estatutos como un dos obxectivos fundamentais a promoción e fomento do deporte para o cal está dotado de un orzamento propio. Dentro de este orzamento, xestiona a concesión de subvencións, axudas e sinatura de convenios con outras entidades ou particulares para a consecución dos mencionados obxectivos, e polo exposto anteriormente ten a obriga de aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

ARTIGO 1. Ámbito subxectivo:

O Plan Estratéxico de Subvencións do CMD, recolle todo tipo de subvencións e axudas concedidas polo CMD, para o cal incluírase a consignación correspondente nos orzamentos anuais o que quedarán supeditados e serán aprobadas as correspondentes bases de subvencións que rexerán os procedementos de concesión.

ARTIGO 2. Ámbito temporal.

O Plan estratéxico de subvencións propónse para as anualidades 2018-2019.

ARTIGO 3. Normativa



O establecemento de subvencións e axudas polo CMD durante o período 2018-2019 axustarase ao previsto no presente Plan, tal e como se establece no art. 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Non obstante o anterior, o presente plan poderá verse modificado anualmente para a inclusión ou exclusión de liñas de subvención en función das necesidades que se xeren no CMD. As distintas liñas de subvención como norma xeral terán carácter anual e unha imputación orzamentaria anual.

ARTIGO 4. Competencia.

O órgano competente para aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do CMD corresponde ao Consello Reitor de dito Organismo, xa que así se recolle no artigo 9.a) dos seus Estatutos no que determina que a súa capacidade para aprobar a política de actuación e xestión do CMD o igual que no punto 9.j) dos mesmos Estatutos establece tamén a competencia a dito órgano para a xestión e aprobación de subvencións.

ARTIGO 5. Principios xerais.

Son principios xerais deste Plan os seguintes:

- Publicidade e libre concorrència mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade e concorrència e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coa debida consignación orzamentaria previa.
- Concesión conforme a criterios obxectivos previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcadas e eficiencia na asignación de recursos públicos, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente.
- Control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

ARTIGO 6. Obxectivos xerais

O CMD concederá subvencións, mediante convocatoria pública ou a través da firma de convenios de colaboración, a favor de persoas, asociacións ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades deportivas entre a cidadanía e o fomento e promoción do deporte tanto no aspecto de base coma Federado.

ARTIGO 7. Tipos de subvencións e procedementos.

En xeral o procedemento será o de concorrència competitiva salvo para aqueles casos que a urxencia, interese público, imperativo legal debidamente xustificado impidan a aplicación do mesmo.

O CMD establecerá anualmente as seguintes liñas de actuación en materia de subvencións e axudas para o fomento do deporte:

a) Subvencións en réxime de concorrència competitiva:

- **Subvencións para fomento do deporte e actividades deportivas:**

- Liña 1:* Organización de actividades deportivas federadas e outras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva no período comprendido entre 1 de novembro do ano precedente e o 31 de outubro de cada exercicio orzamentario.

- Liña 2.-* Gastos de funcionamento das entidades deportivas por participación ou organización de competicións e actividades federadas de tempada de carácter oficial.

- **Costes previstos:** 800.000 euros anuais.
- **Financiación:** Se levará a cabo con cargo aos créditos asignados na partida 3410-48010 dos orzamentos do CMD vixentes en cada anualidade.
- **Bolsas a deportistas individuais.**



- **De iniciación:** destinadas a deportistas menores de 18 anos (incluídos), cuxa contía máxima será de 1.200€.
- **De cualificación:** destinadas a deportistas que presenten unha traxectoria deportiva relevante, cuxa contía máxima será de 1.400€.
- **Costes previstos:** 25,000 euros anuais.
- **Financiación:** Se levará a cabo con cargo aos créditos asignados na partida 3410-4800 dos orzamentos do CMD vixentes en cada anualidade.

b) Subvencións nominativas contempladas nos orzamentos do CMD

- Poderán establecerse este tipo de axudas directas que figuren nos orzamentos do CMD para aqueles supostos que por motivo de urxencia, imposibilidade de adaptarse aos obxectivos establecidos nas bases de concorrencia competitiva ou interese público, xustificado previamente, así o aconselle. No procedemento de concesión da subvención estableceranse os termos que regulen a concesión e xustificación do importe concedido.

A concesión de subvencións deberá contar sempre cos créditos axeitados e suficientes nas correspondentes partidas orzamentarias e será preciso a aprobación previa do gasto correspondente.

A porcentaxe subvencionable non poderá exceder o 75% do custo da actividade, agás que se trate de actividades de especial interese público ou social debidamente xustificadas no expediente.

ARTIGO 8.- Pagamento e pago anticipado.

Previa solicitude motivada da entidade subvencionada e sempre que o permitan as dispoñibilidades líquidas do CMD, poderase efectuar, con carácter anticipado á xustificación dos gastos, o libramento de fondos ata o máximo establecido nas bases.

O importe da axuda quedará afectado ao aseguramento das obrigas da entidade beneficiaria co CMD e mailo co Concello de Ourense. Para estes efectos a Administración do CMD procederá a reter e compensar a cantidade suficiente con cargo á dita axuda.

ARTIGO 9.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas

As subvencións concedidas ao abeiro destas Bases Reguladoras son compatibles con outras axudas, agás aquelas actividades que contén con subvención do Concello de Ourense para a mesma finalidade ou que sexan patrocinadas polo mesmo. Os ingresos directamente relacionados co obxecto da subvención non poderán exceder do 100% do gasto subvencionado.

Nos supostos nos que da conta xustificativa ou do proceso de comprobación se deduza que a actividade obtivo axudas ou subvencións públicas por importe superior ao 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida na contía necesaria.

ARTIGO 10.- Transparencia

As actuacións en materia de subvencións, convocatorias, resolucións e bases dos diversos procedementos deben ser obxecto de publicación, ademais dos medios legalmente previstos, na páxina web do CMD (www.deportesourense.com), no prazo máximo de un mes, e en todo caso, ao final da anualidade obxecto do programa subvencionado.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a convocatoria das subvencións publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), a través da que se remitirá un extracto para a súa publicación no BOP. Tamén serán obxecto de publicación na BDNS a concesión, pagamentos, reintegros e sancións de cada subvención, de conformidade coa normativa vixente.

As subvencións nominativas serán igualmente obxecto de publicación na BDNS.



Artigo 11.- Control e seguimento do Plan.

Realizarase de forma anual do seguinte xeito:

1. **Control económico:** *Corresponderá a Intervención do Concello de Ourense e será efectuado segundo establecido na lexislación vixente. O control analizará concretamente as datas de pago dos importes subvencionados en relación co expediente aprobado, medios de pago utilizados e a correcta xustificación e utilización da subvención outorgada.*
2. **Informe – memoria:** *Informe da xerencia do CMD anualmente do cumprimento dos obxectivos previstos no obxecto de concesión da subvención, impacto xeral das subvencións de xeito xeral e particular, gasto realizado, conclusións e posibles melloras para futuros plans en materia de subvencións.*

Artigo 12. Comisión de seguimento.

O Consello Reitor do CMD poderá nomear unha comisión de seguimento do Plan que presidirá o Presidente do Consello Municipal de Deportes e da que formarán parte ao menos dous membros electos que formen o Consello Reitor do CMD e o Xerente do CMD . O Presidente do CMD, en todo caso, será o responsable de efectuar o control do cumprimento do Plan durante o período de vixencia do mesmo.